

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 15 de xaneiro de 2014.

ÁREA DE URBANISMO


1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 10.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Otero Pedrayo, número 10.

Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Río Narla, número 38.

Do mesmo xeito, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de estación base de telefonía móbil en solo urbano, na rúa Rei Don García, número 25; para reforma de planta baixa e entresollado, consistente na modificación da fachada, modificación de acceso ao entresollado e adecuación de local para xestoría con aulas de formación, no edificio con licenza número 172/04, sito en solo urbano, na rúa Monforte, número 28-rúa Ruiz de Alda, números 15-17; para instalación de ascensor para mantemento e conservación do edificio sito en solo urbano, na rúa das Fontes, número 82; para a construción dunha nave industrial, composta de planta baixa e unha planta alta sen uso definido, en solo urbano, na rúa Panadeiras, número 30, sendo as aliñacións e rasantes as

Código Seguro de verificación: YOMyK8HNNtArSSxZVTsqpQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	27/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2
 YOMyK8HNNtArSSxZVTsqpQ==			

aprobadas mediante Decreto da Alcaldía número 13012497, do 16 de decembro de 2013; para modificación de cuberta de planta primeira, necesaria para o mantemento do uso preexistente, ao mellorar as condicións mínimas de habitabilidade e eficiencia enerxética, para realizar no número 13 da rúa Río Cabe, esquina rúa Río Támoga, número 13; para rehabilitación de edificio entre medianeiras para unha vivenda sito na rúa Tinería, número 16, Canella do Pombal e para cambio de uso de local de planta baixa para vivenda no edificio con licenzas números 186/92 e 563/92, sito en solo urbano na Calzada da Ponte, número 21.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación de acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local sobre designación dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados para a cobertura de sete prazas de técnico/a en xardín de infancia, unha praza de tradutor/a, tres prazas de delineantes, unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, unha praza de celador/a de colexio público e unha praza de auxiliar administrativo/a.

Acórdase darlle traslado ao Servizo de Persoal para que emita informe proposta, que se deberá elevar a esta Xunta de Goberno Local para a súa resolución no expediente relativo a dación de conta dos escritos de alegacións e acta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura de sete prazas de técnico/a en xardín de infancia (unha reservada a discapacitados/as).

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación de recurso de reposición interposto contra o Decreto de Alcaldía número 13006724 de dedución da certificación número 10 do importe da penalidade de atraso na execución da obra na contratación das obras de rehabilitación da Ponte Vella de Lugo.


Tamén se acorda a prórroga dos lotes número 2 (diverso material de imprenta) e número 3 (material de oficina non inventariable) na subministración de diversos consumibles de papelería, mediante acordo marco.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

4. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación da autorización de uso de locais sitios na nave Casa Clara Campoamor a favor de asociación de interese social e aprobación das condicións particulares de utilización.

Código Seguro de verificación: YOMyK8HNNtArSSxZVTsqpQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	27/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	YOMyK8HNNtArSSxZVTsqpQ==	PÁGINA 2/2


YOMyK8HNNtArSSxZVTsqpQ==